

ACTA DA MESA XERAL DE NEGOCIACIÓN CELEBRADA O DÍA 20 DE OUTUBRO DE 2023

Na Sala de Comisión do Pazo Provincial, sendo as trece horas e quince minutos do día vinte de outubro do ano dous mil vinte e tres, reúnese a Mesa Xeral de Negociación, estando presentes nesta sala os seguintes:

- Jesús Vázquez Almuíña, deputado provincial das áreas de Asistencia aos Concellos, Transparencia e Administración Xeral
- Alejandro Lorenzo Alonso, deputado delegado das áreas de Xestión Tributaria, Patrimonio e Formación
- María Ramallo Vázquez, deputada delegada de Fondos Europeos, Innovación e Axenda Dixital
- Montserrat Otero Oitavén, coordinadora de Réxime Interno
- M^a Jesús Torres Peón, xefa do Servizo de RRHH e Formación
- Sindicato CCOO: Roberto Crespo Barreiro, Juan Carlos de la Vega Castiñeiras, Leticia Lozano García, Paula Rial Pérez, María Solla Castro, Jean Pierre Esteban Borragán e Ángela Comesaña Martínez
- Sindicato UGT: Patricia García Martínez, Natalia Fraguas Fernández, Ana Couto Cerviño, Manuel Leiro Oubiña, Ana Neves Gómez e Ana Paula Barral Rial
- Sindicato CIG: Adrián Blanco Cortegoso
- Sindicato CSIF: Remedios Pérez González

O deputado delegado, **Jesús Vázquez**, dá paso ó único punto da orde do día e propón á xefa do Servizo de RRHH e Formación que explique brevemente.

1º.- Cadro de persoal e relación de postos de traballo incluídas no orzamento provincial do ano 2024.

A xefa do Servizo de RRHH e Formación, explica que no orzamento provincial do ano 2024 propónse a modificación do cadro de persoal e rpts de persoal funcionario e laboral da Deputación de Pontevedra coa incorporación dos seguintes cambios:

a) Creación das seguintes prazas e/ou postos:

Considerando ás propostas das xefaturas de Servizo, direccións de centros, vicepresidencias e deputados delegados de área, contéplase a creación das seguintes prazas para poder cubrir as necesidades de carácter permanente: 21 prazas de funcionario de carreira e 4 por reclasificación.

b) Amortización das seguintes prazas e/ou postos:

A creación destas prazas compénsase coa amortización de 11 prazas de persoal funcionario de carreira, 4 de reclasificación e 3 postos de laboral fixo, computando, ademais, 10 postos de laboral fixo que foron obxecto de traspaso á Comunidade Autónoma de Galicia.



c) Creación dun novo Servizo:

Na estrutura organizativa do persoal funcionario créase o Servizo de “Xuventude e Reto demográfico”, que se encargará de por en marcha unha serie de medidas relacionadas con estas materias, algunhas das cales se levaban dende o Servizo de Cohesión Social e Xuventude ou Arquitectura e Urbanismo. Na RPT deste Servizo intégranse 6 postos do Servizo de Cohesión Social:

Nº	Praza	Gr	Posto	CD	Situación
1	Técnico/a AX	A1	Xefatura de Servizo	29	Adscrición Provisional (BEB)
1	Técnico/a medio AX	A2	Técnico/a xestión	23	Ocupada por FI (HBR)
1	Administrativo/a AX	C1	Administrativo/a	20	Vacante nova creación
1	Encargado/a de instalacións	C1	Encarg. Instalacións Lanzada	22	Ocupada por FC
2	Oficial/a de mantemento	C2	Oficial/a de mantemento	17	Ocupado por 1 FC e 1 FI

d) Cambio de adscrición de postos de traballo entre Centros e Servizos:

Cámbiase a adscrición de 14 postos de traballo por mobilidade e a fin de integrar os postos e as persoas no Servizo no que desenvolven a súa actividade, para así aproveitar o coñecemento e a experiencia adquirida neses Servizos en postos anteriores.

e) Cambios de adscrición do titular do posto por redistribución de efectivos:

Cámbiase a adscrición dos titulares de 9 postos de traballo a outro Servizo por redistribución de efectivos co fin de integralos no servizo no que veñen desempeñando o seu posto de traballo, por necesidades do servizo e tendo en conta o coñecemento e experiencia adquirida anteriormente na tramitación dos procedementos de xestión dese Servizo.

f) Transformación dos seguintes postos:

Por razóns organizativas transfórmanse os seguintes postos de traballo por alteración do seu contido, adecuación de funcións ou por unificación de postos con iguais contido:

Amortización de postos	GR	Creacións de postos	GR	Motivo
1 Adxunto/a á xefatura de Servizo Cohesión Social e Xuventude	A1-25	Xefatura de Servizo Benestar Social	A1-25	Alteración do contido
2 Oficial/a xefe de Cociña	C2-18	Cociñeiro/a	C2-18	Adecuación das funcións
1 Xefe/a de cociña	C1-21	Xefatura de cociña e comedor	C1-21	Alteración do contido
1 Auxiliar administrativo/a	C2-18	Auxiliar xestión tributaria e informac.	C2-18	Unificación de postos
1 Administrativo/a xestión catastral	C1-20	Administrativo/a xestión tributaria	C1-20	Unificación de postos

g) Revisión dos niveis de complemento de destino por cambio de posto:

Modifícase o nivel de CD en **9** postos de traballo, por alteración do seu contido:

Posto actual	GR	Novo posto	GR
4 Oficial/a de cociña	C2-17	4 Cociñeiro/a	C2-18
1 Adxunto xef. Serv. fiscalización persoal	A1-27	Xefatura Servizo Fiscalización de persoal	A1-29
1 xefatura de sección Serv. Cooperación	A1-26	1 Adxunto/a á xefatura Serv Cooperación	A1-27



1 Técnico/a de xestión de Cooperación	A2-23	1 Xefatura de Sección do Plan Cooperación	A2-25
1 Administrativo/a	C1-20	1 Xefatura de negociado de servizos xerais	C1-22
1 Administrativo/a	C1-20	1 Xefatura de negociado de actas do pleno	C1-22

h) Revisión do complemento específico (CE):

Asígnase o factor dedicación aos seguintes postos de traballo:

- Asesor/a xurídico en admón. electrónica, transparencia e protección de datos.
- Xefatura de sección de formación, que se compensa coa supresión da dedicación nun posto de administrativo.
- Xefatura de Sección de Residuos.
- Xefatura de Sección da Explotación Gandeira da Finca Mouriscade.

Ditas asignacións xustifícanse no volume de traballo existente así como na actividade que xa veñen desenvolvendo fóra da xornada laboral para poder atender as necesidades do servizo.

i) Dotación económica das prazas de persoal funcionario afectadas polos procesos de promoción interna horizontal de laboral fixo:

Dótase de consignación económica ás prazas das persoas que superaron os procesos selectivos convocados con cargo ao crédito que deriva da amortización dos postos de traballo de persoal laboral fixo. Esta previsión afecta a un total de **70 prazas de funcionario de carreira**, que manteñen a mesma retribución total:

- **35 prazas** vinculadas a postos do Museo Provincial
- **6 prazas** vinculadas a postos do Servizo de Turismo
- **3 prazas** vinculadas a postos do Servizo de Comunicación
- **25 prazas** vinculadas a postos do Servizo ORAL
- **1 praza** vinculada a posto adscrito ao Servizo de NNTT

As prazas de funcionario de carreira afectadas por este proceso selectivo que quedaron desertas serán amortizadas, así como os postos de persoal laboral fixo ocupados polas persoas funcionarizadas.

O persoal laboral fixo que **non participou** neste proceso selectivo mantense no seu posto de traballo, situación que afecta a un total de **6 PRAZAS de funcionario de carreira**, que retornan a súa situación de orixe como laboral fixo.

Previsións de contratacións laborais e NIAT/NIEP

Inclúese dotación orzamentaria para atender as seguintes necesidades:

- Prórroga dos nomeamentos interinos por programa de carácter temporal dos Servizos que se detallan no anexo.
- Nomeamento interinos sen praza por acumulación de tarefas.
- Contratacións temporais para substitución de persoas con dereito a reserva de posto .
- Prórroga das contratacións en prácticas vixentes.



Escola de Enfermería

- Na RPT de persoal laboral fixo unifícase a denominación de todos os postos de profesor/a de enfermería a tempo completo .
- Na relación de postos de persoal colaborador, transfórmase o posto de profesor/a de prácticas clínicas I nun posto de profesor/a de Psicoloxía, coa mesma dotación económica e asígnase ao posto de secretario/a académico/a unha gratificación de 2.460,24 € en cómputo anual.
- Contémplase o recoñecemento da antigüidade ao profesorado de enfermería de acordo cos importes establecidos no Convenio Colectivo da Universidade de Vigo, en previsión da súa próxima integración nesta Administración.

Bases de aplicación de retribucións

As bases reproducen o contido das anteriores e recollen as seguintes variacións:

- Redúcese o número máximo de horas que se poden autorizar para traballos fóra da xornada laboral, **que pasa de 50 horas mes a 40 horas mes.**
- Elimínanse as referencias ás retribucións das persoas contratadas en prácticas por estar equiparadas a postos de traballo base.
- Elimínanse as referencias á presentación dos partes en situacións de incapacidade temporal.
- Elimínase a referencia á determinación do número de asistencias do tribunal cualificador no momento da constitución, ante a dificultade de facer esa previsión.
- Nas asistencias a cursos requírese achegar o programa da actividade para poder comprobar os horarios de inicio e fin das autorizacións en comisións de servizos.
- Nas solicitudes de desprazamentos en comisión de servizos que se presenten fóra de prazo debe xustificarse a imposibilidade de presentalas coa antelación requirida.

O delegado sindical de CCOO, pon de manifesto que debido ó volume de documentos a analizar non poden entrar a valorar a proposta da Administración no día de hoxe. Pide que se conceda un prazo para presentar propostas e outro para alegacións.

A xefa do Servizo de RRHH e Formación, informa que o luns, 30 de outubro, ten que estar o expediente completo e cerrado.

O deputado delegado, concede ás seccións sindicais un prazo ata o mércores para a presentación das alegacións que consideren e propón celebrar unha segunda reunión o próximo venres ás 9:00 h.

A delegada sindical de UGT, pregunta pola previsión que hai en canto á funcionarización. Sinala que non se lles pasou a información relativa ás prazas susceptibles de funcionarización o ano que ven, habendo un compromiso de facelo ano a ano.

A xefa do Servizo de RRHH e Formación, comenta que teñen que comprobar as persoas que están afectadas.



O deputado delegado, comprométese a analizar a situación.

A delegada sindical de UGT, recorda o compromiso que había de valorar a creación do grupo B. Manifesta que non saben nada deste tema.

A xefa do Servizo de RRHH e Formación, remítese ó acordo da Administración cos sindicatos. Aclara que non teñen un desenvolvemento normativo para poder establecelo.

A delegada sindical de UGT, pide que se faga un estudo das prazas e unha estimación do número de prazas que poden estar afectadas.

O deputado delegado, informa que están pendentes do desenvolvemento normativo.

A delegada sindical de UGT, solicita que na RPT figure a forma de adscrición dos postos, para saber se se configuran dentro da Administración xeral ou especial.

A xefa do Servizo de RRHH e Formación, aclara que non cambia con respecto ó ano pasado e mantéñense os mesmo criterios en canto a clasificación e formas de provisión, salvo as modificacións que se recollen na proposta do deputado delegado.

Finalmente, non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión, sendo as trece horas e trinta e cinco minutos, do que como secretaria dou fe.



ACTA DA MESA XERAL DE NEGOCIACIÓN CELEBRADA O DÍA 27 DE OUTUBRO DE 2023

Na Sala de Comisións do Pazo Provincial, sendo as nove horas e dez minutos do día vinte e sete de outubro do ano dous mil vinte e tres, reúnese a Mesa Xeral de Negociación, estando presentes nesta sala os seguintes:

- Jesús Vázquez Almuíña, deputado provincial das áreas de Asistencia aos Concellos, Transparencia e Administración Xeral
- Alejandro Lorenzo Alonso, deputado delegado das áreas de Xestión Tributaria, Patrimonio e Formación
- María Ramallo Vázquez, deputada delegada de Fondos Europeos, Innovación e Axenda Dixital
- Montserrat Otero Oitavén, coordinadora de Réxime Interno
- M^a Jesús Torres Peón, xefa do Servizo de RRHH e Formación
- Sindicato CCOO: Roberto Crespo Barreiro, Juan Carlos de la Vega Castiñeiras, Leticia Lozano García, Alicia Lago Álvarez, María Solla Castro, Jean Pierre Esteban Borragán e Ángela Comesaña Martínez
- Sindicato UGT: Patricia García Martínez, Natalia Fraguas Fernández, Ana Couto Cerviño, Manuel Leiro Oubiña e Ana Neves Gómez
- Sindicato CIG: Adrián Blanco Cortegoso

O deputado delegado, Jesús Vázquez, saúda ós asistentes e a continuación propón á xefa do Servizo de RRHH e Formación que expoña as alegacións realizadas polas seccións sindicais á proposta da Administración sobre o cadro de persoal e relación de postos de traballo incluídas no orzamento provincial do ano 2024.

A xefa do Servizo de RRHH e Formación, explica resumidamente as alegacións recibidas.

ALEGACIONES DE UGT

Creceamento do gasto de persoal.

Propoñen unha maior previsión para gastos de persoal, contemplando un aumento igual ao da Comunidade Autónoma de Galicia, que se sitúa nun 6% non só para garantir as subidas salariais se non tamén para afrontar as necesidades adicionais de recursos humanos.

FUNCIONARIZACIÓN DO PERSOAL LABORAL.

Solicitan continuar cos procesos de funcionarización para completar a acomodación ao réxime funcional do persoal laboral fixo.

BASES DE APLICACIÓN DE RETRIBUCIÓN

Complemento Específico. Especial Dificultade Técnica (EDT).

Interesan equiparar as retribucións do persoal temporal contratado ou nomeado por substitución ás das persoas titulares das prazas. Non están de acordo coa descrición deste concepto retributivo, que



fai mención ao *tempo requirido para adquirir os coñecementos técnicos e específicos do posto...*, sen facer referencia á variable tempo, aprecian disfuncións que provoca situación inxustas, polo que lles parece adecuado revisar as variables que se aplican a este concepto. E como medida transitoria, e ata unha nova regulación, solicitan que se abone con carácter xeral para todo o persoal temporal, sen facer diferenzas.

Complemento de produtividade.

A Base Segunda C) complemento de produtividade, subapartado d) relativo a funcionarios interinos sen praza ou laborais temporais, dispón que este complemento se acreditará a aquelas persoas que acrediten *un ano de servizos prestados de forma ininterrompida na Deputación Provincial desde o último contrato de traballo ou nomeamento en vigor. Neste suposto a produtividade devengarase a partir do primeiro día do mes seguinte (...)*". Isto provoca situacións inxustas no caso de persoas que cambien de contrato ou nomeamento por acollerse, por exemplo a unha mellora de Emprego, polo que propoñen eliminar esa referencia ao último contrato.

Xefaturas de Unidade: Solicitan incluír dentro dos conceptos retributivos de Especial dificultade técnica o cargo de xefatura de unidade nos casos en que están equiparado a xefatura de negociado.

Horas extraordinarias.

Este apartado dispón que "(...)no réxime de xornada laboral continuada, non terán a consideración de horas extraordinarias os excesos de xornada diaria inferior a unha hora (...)", mentres que no caso de xornada laboral en quendas non se fai referencia a ese cómputo diario. Por tal motivo propoñen eliminar la referencia "diaria" nos excesos de xornada continuada, e eliminar a referencia a non computar os excesos de xornada inferiores a unha hora, que pola contra se ten en conta no cómputo do factor dedicación.

Retribucións por xornadas especiais:

O apartado 1) fixa a gratificación dos *domingos e festivos en 31,74 € dos sábados en 11,73 €*, polo que tendo en conta a actualización do importe dos desprazamentos, consideran necesario revisar as contías por xornadas especiais, en particular, a do sábado, e como mínimo que se equiparen o importe dando a mesma valoración.

Retribucións do persoal FIEP e laboral temporal.

As Bases establecen as retribucións deste persoal en función do grupo/subgrupo de clasificación e nivel de complemento de destino que se determina para cada tipo de posto. Esta asignación non se corresponde coa dos postos de persoal FC e LF, polo que solicitan a revisión das táboas e equiparación co nivel atribuído a ese grupo e categoría equivalente.

Axuda económica por asistir a cursos, xornadas, congresos.

Solicitan aclaración da necesidade de xustificar a imposibilidade de solicitar con a lo menos 15 días de antelación a asistencia a cursos, para ter dereito a percibir a axuda.



Anticipos reintegrables.

Propoñen revisar os seguintes parágrafos: *“No suposto no que un empregado ó que se lle outorga un anticipo cause baixa no seu posto de traballo, como consecuencia da finalización da súa relación laboral, concesión de calquera tipo de excedencia, permiso sen soldo ou suspensión da relación laboral, o reintegro das cantidades pendentes, non devoltas, será practicado dentro do mesmo mes no que se produza a mencionada baixa.*

Así mesmo, deberá terse en conta que na situación de Pago Directo da prestación por incapacidade temporal (IT), polo INSS dende os 365 días da IT en diante e ata un máximo de 180 días, o reintegro das cantidades pendentes farase efectivo polo funcionario afectado mensualmente e ata que se resolva dita situación, ben ingresando dito importe na Tesourería da Deputación ou ben mediante transferencia bancaria”.

Solicitan aclaración expresa de se esta base se aplicaría de xeito restritivo e literal unicamente aos permisos sen soldo, ou se tamén se aplicaría no caso da concesión de certas licenzas, como por enfermidade grave do artigo 131 da LEPG.

Apartado D do informe. Transformacións, cambios de adscripción de postos entre centros e servizos e redistribución de efectivos

Respecto ao contemplado neste apartado recórdase que o artigo 86 da LEPG garante o dereito á mobilidade do persoal funcionario de carreira, de acordo cos procedementos previstos na mesma norma, polo que poñen de manifesto o seguinte:

- Nas RPT's facilitadas, non figura a información referida ao sistema de provisión C ou LD
- Nalgunhas destas situacións convocouse un proceso de libre concorrência,
- E noutros casos, os movementos de persoal fixéronse sen seguir ningún procedemento para a provisión temporal, pretendendo agora consolidar con carácter definitivo situacións irregulares.
- Algúns movementos dubidan que realmente compran os requisitos, xa non ocupan postos de traballo con carácter definitivo, resultando este un requisito imprescindible para a súa validez

Non apoian nin conforman estas prácticas que conculcan dereitos dunha parte do funcionariado que ve limitada as súas posibilidades de mobilidade polo que solicitan:

- Que se inclúa nas RPT's a información referida aos sistemas de provisión de cada posto
- Que en diante, calquera movemento no cadro de persoal que implique traslados de postos, de servizos ou de centros de traballo, ou afecte á provisión de postos con carácter provisional ou definitivo, se realice conforme aos principios de convocatoria pública e libre concorrência.
- Que caso de necesidade de cobertura temporal urxente, se adopten criterios de xeral aplicación no eido da negociación colectiva para a provisión temporal por comisión de servizos ou adscripción provisional.

Apartado E do informe. Disfuncións no cadro de persoal.

Consideran imprescindible negociar un novo cadro de persoal adaptado ás necesidades da administración do século XXI, con valoracións técnicas específicas que recollan de xeito real o traballo que se desenvolve en cada praza ou posto de traballo, con integración do teletraballo.



Sobre os conceptos retributivos que se aplican dentro do CE manifesta que descoñécese as valoracións técnicas, algunhas non son axeitadas ou son incongruentes, concretamente a especial dificultade técnica e a dedicación

Así mesmo, sinalan que no cadro de persoal existen prazas e postos de diferente grupo realizando as mesmas funcións. Así, por exemplo citan: os oficiais de control e vixilancia, con prazas no C1 e C2 os condutores do Parque Móbil, clasificados, no subgrupo C1 e C2, e o persoal do Parque de Maquinaria, con prazas nos grupos C2 e E.

Apartado E. Creación do grupo B.

Xa coa negociación do orzamento do 2023, UGT salientou a necesidade de crear o grupo B, igual que noutras AAPP locais e autonómicas. Consideran que o corpo de delineantes, técnicos de laboratorio, técnicos ambientais, cocineiros, persoal informático, e en xeral, todas aquelas prazas para as que se esixiu o título de FP Superior, deberían ser clasificados no grupo B.

Invocan o acordo asinado coa representación sindical para a subida salarial dos empregados das AAPP para o período 2022-2024, a sentenza do Tribunal Supremo (STS 4128/2021, da que achegamos copia) que condena á AXE a que clasifique precisamente ao Corpo de Delineantes de Facenda no Grupo B; o artigo 167.4 do TRRL que recoñece facultades de desenvolvemento normativo; e a DA novena da LEPG, que clasifica varias escalas dentro do Grupo B; citando, ademais, as administracións locais da nosa contorna, como a Deputación da Coruña, Concello de Santiago, Concellos de Baiona, Vilanova de Arousa ou Rodeiro, que xa os teñen clasificados correctamente dentro do grupo B.

Consideran que non se trata dunha falta de habilitación normativa e de ter que esperar ao desenvolvemento por parte do Estado, senón dunha cuestión de vontade política, referida á vontade de regularizar situacións totalmente anómalas, polo que solicitan:

- A creación dun grupo de traballo na mesa xeral de negociación para identificar todas as prazas afectadas e comezar a negociar a parte referida ás retribucións complementarias.
- Entre tanto, recoñecer un complemento con carácter transitorio, pola diferenza retributiva da actual clasificación dentro do grupo C1, con cargo á partida de produtividade.

F. Postos de atención ao público.

Propoñen incluír no CE un factor que retribúa a atención continua á cidadanía, xa que as persoas destinadas a estes postos deben desenvolver certas habilidades e facer fronte a especiais situacións, polo que solicitan a creación dun grupo de traballo específico para a análise e identificación destas prazas, e a configuración do importe deste complemento.

G. Configuración do cadro de persoal:

Solicitan introducir no cadro de persoal para o próximo exercicio a seguinte información:

- a) código alfanumérico de cada praza ou posto, denominación e natureza xurídica.
- b) A súa clasificación profesional (administración xeral ou especial)
- c) Sistema de provisión.



- d) Adscrición orgánica.
- e) Complemento retributivo do posto.
- f) Os requisitos e, nos casos en que proceda, as áreas funcionais, méritos, capacidades, experiencia ou categoría profesional para a súa provisión.
- g) Calquera outras circunstancias relevantes para a súa provisión quenda partida, traballo a quendas, determinados requisitos como por exemplo permisos de conducir, o réxime de dispoñibilidade, incompatibilidades, desprazamentos, ou certas limitacións como a flexibilidade horaria.

2. Alegacións específicas segundo a situación de determinados servizos ou centros de traballo

MUSEO PROVINCIAL: solicitan:

- Identificar os postos de persoal laboral fixo que podan entrar nos procesos de promoción interna horizontal 15 (funcionarización). 5 de axudantes de educación (A2), 1 posto de traballo de técnico/a de mantemento (A2), 2 postos de Técnicos/as auxiliares de biblioteca
- Crear 7 prazas A2 para ou departamento de educación para PI dos técnicos auxiliares C1.
- Crear 1 praza de técnico/a do grupo B para o departamento de educación correspondente a un Técnico auxiliar do grupo C1, para ser cuberta pola quenda de promoción interna.
- Crear 1 praza de A1 de Técnico/a superior en educación, con cargo á praza de axudante/a de educación, xefatura de sección públicos, para cubrir pola quenda de promoción interna.
- Crear 9 prazas do grupo C2 para ou departamento de mantemento- servizos xerais, para promoción interna, con cargo á amortización dos subalternos de oficios varios do grupo E.
- Incluír o posto de xefatura de Unidade de Rexistro de Bens.
- Revisar os niveis do CD dos postos de xefatura de Unidade de Arquivo e a Xefatura de Unidade de Rexistro de Bens, pasando dun nivel 25 a un nivel 26, co fin de adaptalos ás necesidades reais do servizo e as funcións que están a desenvolver.

SERVIZO DE INFRAESTRUTURAS, solicitan:

- Clasificación no Grupo B as prazas de delineantes
- Oficiais de infraestruturas e servizos. Amortizar as prazas do grupo E e crear as mesmas do C2.

SERVIZO DE ARQUITECTURA, Solicitan

- Crear o grupo B para a praza de delineante

SERVIZO DE NOVAS TECNOLOXÍAS: solicitan,

- Crear máis prazas do subgrupo A2 e fixar un cronograma para ir regularizar as situacións
- Regularizar a situación de varios técnicos do grupo C1 (FP2) que terían cabida no grupo B
- Aumento de nivel do 20 ao 21 ao posto de técnico informático do Areeiro
- Advírtese un erro no posto de xefatura de negociado de proxectos figura o nivel 20 cando é 22
- Advírtese un erro no punto 17.4. *Cambio de adscrición*, en 2 postos figura o nivel 22 cando é o 22.

SERVIZO DE MEDIO AMBIENTE –MOURISCADE: solicitan,

- Incluír as 6 prazas de analistas de laboratorio no grupo B.



CENTRO PRÍNCIPE FELIPE: 18

- Crear o grupo B, para os oficiais de cociña e cociñeiros.
- Incrementar a gratificación por xornadas especiais, e, en particular o sábado

FINCA AREEIRO: interesan:

- Crear unha praza de técnico/a especialista en calidade, C1.
- Praza de técnico/a especialista en Edafoloxía, C1
- Reclasificar aos operarios de campo do grupo E ao C2 por estar realizando tarefas de superior categoría; as mesmas que os seus compañeiros que son oficiais agrícolas.
- Crear a xefatura de sección de fruticultura e ornamentais, xa que esta tarefa recae sobre a praza de técnico/a en Biotecnoloxía Vexetal A1 nivel 25 e solicítase revisar o nivel de CD, pasando do nivel 25 ao 26 co fin de adaptarse ás necesidades reais do servizo e as funcións que se realizan.
- Crear o grupo B para os técnicos de laboratorio e persoal de campo que pertencen ao nivel C1.
- Crear una praza de administrativo polo aumento da carga de traballo e para que se ocupe das tarefas de atención telefónica e ao público, emisión de facturas e cargos, realización de pedidos).
- Advirten que na RPT 2024, poden existir prazas vacantes duplicadas que se poderían utilizar para crear outras prazas:
 - A praza de oficial agrícola C2 nivel 17 non ocupada e que pertencía á persoa que tomou posesión da praza de técnico en Ensaos Agrícolas C1 nivel 20.
 - O posto de xefatura de Sección Loita Biolóxica A2-25 non ocupada e que pertencía a unha persoa que promocionou á xefatura de sección de artrópodos e control integrado A1- 26.
 - A praza de enxeñeiro forestal A2- 23, que está vacante e pertencía a outra persoa que promocionou á de xefa de Sección de virus, bacterias e nematodos, A1 nivel 26.

SERVIZO DE COMUNICACIÓN INSTITUCIONAL, solicitan:

- Crear as xefaturas de negociado de Prensa e Redes Sociais, polo que propón que o posto de Redactora Xefa (A1-25) lle sexa asignada a xefatura de sección ou negociado de prensa, e ao posto de redactora (A1-25) a xefatura de sección ou negociado de redes sociais.
- Crear una praza A1 de técnico en Comunicación A2
- Revisar o nivel de CD do posto de auxiliar de Deseño Gráfico (C2-17), subindo do 17 ao nivel 18, por equiparación das funcións aos postos de contido auxiliar.
- Crear praza para a promoción interna da técnico de comunicación do A2 a A1

SERVIZO DE PATRIMONIO DOCUMENTAL E BIBLIOGRÁFICO: propoñen,

- Crear unha praza do A2 para una técnica/o auxiliar en composición e edición (grupo 22 C1 e nivel 20) que leva realizando labores de categoría superior durante varios anos, ou, subsidiariamente, subida de nivel correspondente á dunha xefatura de negociado dentro do subgrupo C1 (nivel 22).

SERVIZO PROVINCIAL DE RECADACIÓN - ORAL: interesan,

- Modificar a clasificación das prazas de técnico/a media de xestión tributaria para encadralas na escala da administración xeral.



- Destinar a diferenza de retribucións entre as creacións e amortizacións retribuír o CE do persoal técnico coa asignación do factor dedicación
- Continuar co proceso de tecnificación do Oral, incrementando as prazas dos grupos A1 e A2 e que se lle asigne as prazas de técnico xa cubertas o complemento de especial dedicación.

ALEGACIONES CCOO

PROPOSTAS XERAIS:

- Elaboración dunha nova RPT e guía de funcións e que se acelere o proceso de contratación
- Entre tanto reclasificar as seguintes prazas
44 prazas/postos de traballo do Grupo E que realizan as mesmas funcións de postos de nivel superior (C2), aplicando a premisa de “ a igual traballo, mesma remuneración”, eliminando as discriminacións que se están a producir nos distintos servizos. Relaciona todos os postos/centro.
- Reclasificar os auxiliares administrativos(C2/18) en administrativos(C1/20), en función do traballo desempeñado, coñecementos demostrados e experiencia adquirida, nun contexto de reorganización e modernización da Deputación de Pontevedra.
- Crear prazas de Encargados de áreas do Grupo C1 para a reclasificación dentro do colectivo de Oficiais do Grupo C2, ó persoal que está realizando as funcións de coordinación no taller do Parque de Maquinaria, Almacén PM, Lavandería C.I. Príncipe Felipe, oficiais costura e roupeiro Príncipe Felipe, Control e Vixilancia de Príncipe Felipe, Mantemento de Príncipe Felipe, Oficiais Servizos Xerais e Subalternos do Museo do Pazo
- Crear o Grupo B na RPT e que se identifiquen por parte do Servizo de RRHH as prazas susceptibles en atención aos requisitos esixidos para o acceso
- Implantación da Carreira Profesional:
- Reactivación das aportacións da Deputación ao Plan de Pensións e o incremento desta cantidade.
- Actualización dos importes dos gastos de aloxamento e o importe das axudas de custo, polo menos as máis baixas a 15,00 €.
- Ampliar as dotacións orzamentarias dos beneficios sociais do persoal da Deputación.
- Garantir a igualdade retributiva no CD dos traballadores interinos, en atención á Directiva europea 1999/70/CE e no art. 25 do EBEP, e no caso de laborais, no Estatuto dos traballadores, que prohibe expresamente diferenzas retributivas, polo que solicitan modificar as Bases Quinta e Sexta de Aplicación de Retribucións.
- Seguro Sanitario Privado Colectivo. Solicitan continuar coa tramitación da contratación dun Seguro Sanitario Privado Colectivo para o persoal da Deputación, e interesan que se axilice o concurso público
- Revisión da normas de aplicación das taxas de inscrición en procesos selectivos nas situacións de discapacidade, desemprego, familia monoparental ou familia numerosa
- Suprimir as taxas para obter documentos oficiais como certificados de servizos prestados, trienios, et..). así como a supresión nos procesos selectivos de promoción interna.
- Incremento das contías das seguintes gratificacións:



- a) Horas extraordinarias: a contía é inferior ao valora da hora ordinaria polo que solicitan un aumento do 50 % no importe en todos os niveis e grupos de clasificación.
- b) Ter en conta os excesos de xornada aínda que sexan inferiores a unha hora.
- c) Retribución das xornadas especiais: para Domingos e festivos: 50 €, o Sábado: 30 €, quenda de noite: 50 €, quendas rotatorias ou xornada partida: 100 €, quenda fixa de noite: 1.500 € anuais, gardas localizadas: 60€, persoal da explotación agrícola da Finca Mouriscade : 150€,
- Funcionarización. Revisar os postos laborais fixos que se podan funcionarizar no ano 2024.
- Teletraballo. Implantación e posta en marcha real e igual para todo o persoal traballador con postos susceptibles desta modalidade de traballo.
- Horas Extras, incrementar a contía e suprimir o límite de 50 horas extras ó mes, xa que no Parque de Maquinaria son necesarias para atender as incidencias e inclemencias dos temporais, sendo fácil sobrepasar as 100 horas nalgún mes, o mesmo no Servizo de Arquitectura para o persoal que atende os eventos. Consideran que para as horas extras por forza maior non debería existir límite, por ser imposible a súa previsión.
- Solicitan a flexibilidade do programa de rexistro horario, e se un traballador/a ou colectivo, por necesidade do evento ou incidencia que están a cubrir, traballa despois das 22:00h as gratificacións débense remunerar como recollen as bases de aplicación incrementando ó seu valor un 50%. Actualmente, o programa non rexistra a incidencia se a fichaxe e posterior a esta hora.
- Eliminar a opción de abrir a outras AAPP a provisión dos postos de Xefatura de Cultura, Deportes, NNTT, e AREIRO, baseándonos na Lei de Función Pública que especifica que ten que haber criterios de reciprocidade, esas prazas abertas deben recollese por acordo e no caso de que sexan abertas a prioridade debe ser cubrilas cos traballadores/as da mesma administración ou da propia corporación para non limitar ou cortar o dereito a carreira profesional.
- Solicitan a modificación do horario de obrigada presenza para o suposto de flexibilidade automática, debe pasar de 9:00 a 14:30h a 9:00 a 14:00h, por ser o que se está a aplicar na maioría das administracións e coincidir co horario de atención ó público que está normalizado.

PROPOSTAS ESPECÍFICAS POR SERVIZOS OU CENTROS

ORAL

- Crear 4 prazas de Administrativo C1/20 para reducir a temporalidade no Servizo do Call center
- Asignar o factor perigosidade e penosidade a postos do oral pola exposición a insultos e ameazas
- Establecer un plus de dispoñibilidade e responsabilidade para o persoal que atenda as oficinas auxiliares
- Crear 2 prazas de técnico medio de xestión tributaria por necesidades do servizo.
- Crear 15 prazas de administrativo rama tributaria C1 para a reclasificación por promoción do C
- No Servizo Xurídico, Departamento de Contencioso: crear un 1 praza de Administrativo (C1)
- Reclasificar a actual técnica adxunta A2 nun posto A1,
- No Departamento Concursal, crear 1 posto de administrativo C1
- No Servizo de Recursos Públicos cubrir o posto de xefatura de Recursos públicos A1/29, que actualmente está vacante, e está sendo desempeñada de xeito provisional
- No Departamento de Taxas cubrir dúas prazas de administrativos, actualmente temporais



- No Servizo de Inspección e Procedementos Sancionadores: cubrir de forma definitiva a xefatura deste Servizo, estando actualmente en Comisión de Servizos ata coma máximo xullo do 2024.
- Cubrir de forma definitiva 3 Administrativos C1 actualmente temporais

SECRETARÍA XERAL

- Crear unha xefatura de negociado de pleno (C1/20) e unha xefatura de negociado de servizos xerais (C1/20)
- Incrementar o nivel de CD do posto de “xefatura de Sección de informes” (A1/26), do 26 ao 27
- Reclasificar os oficiais de control e vixilancia C2 no C1
- Cubrir de forma definitiva as prazas de rexistro e incrementar o factor dispoñibilidade no CD por ter que abrir en festivos e polas tardes, o incremento de funcións que deriva da implantación da sede electrónica, consorcio de bombeiros, rexistro de saída, notificacións, etc.
- Crear 4 prazas de condutor-maquinista no Grupo C1 para reclasificación os que están no C2
- Crear unha xefatura de negociado na Unidade de telefonista C1/22, que coordine o traballo
- Sede de Vigo cambiar a adscripción dunha praza de administrativo que pertence a turismo
- Conserxería, reclasificar 5 prazas de ordenanza do Grupo E, por promoción interna a Oficiais

SERVIZO DE NNTT

- Crear unha praza de deseñador C1 para reclasificar unha de auxiliar de deseño gráfico C2
- Crear 2 prazas de técnico de sistemas (A2) e 1 praza de programador Web polo incremento do volume de tarefas.

SERVIZO DE CONTRATACIÓN, FACENDA E PATRIMONIO

- Asignar o factor dedicación ao posto de xefatura de Sección de Patrimonio, por estar asumindo un excesivo traballo, responsabilidade, competencias etc
- Crear 2 prazas de persoal administrativo (C1/20)

SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL

- Crear a xefatura de Servizo cun A1/29, por equiparación ó resto de xefaturas de servizo, sobre a praza de adxunta a xefatura de Cohesión social e xuventude (A2/25)
- Crear 2 prazas de traballador/a social motivado polo número de informes que se requiren

SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA E SERVIZOS LINGÜÍSTICOS

- Incrementar o nivel do posto de técnico medio en tradución (A2/23) ao 25 , por asunción de funcións de xefatura en ausencia ou por enfermidade da xefatura do servizo,

FINCA DE AREEIRO

- Crear unha praza de técnico/a de calidade (C1-20) para o laboratorio de Bioloxía Molecular,
- Crear 2 prazas de oficial agrícola, polo incremento do volume de traballo.
- Reclasificar 3 prazas de oficiais agrícolas (C2-17) por promoción interna
- Crear 1 praza de técnico de administración xeral (A1-25) pola dificultade técnica do traballo a desenvolver.



- Manter a praza de xefe de Sección de loita biolóxica, de técnico (A2-25). Precisan de máis persoal de apoio para o nivel de traballo que soporta, dado que so conta cun analista e a xefa da sección.

PATRIMONIO DOCUMENTAL E BIBLIOGRÁFICO

- Cubrir a praza de Técnico medio de arquivo e biblioteca se cubra mediante promoción interna.
- Crear 2 prazas de administrativo/a (C1-20) e reconverter a praza vacante de auxiliar (C2-18) para a cobertura por promoción interna dos/das auxiliares administrativos/as .
- Incrementar o nivel de CD da xefatura de sección de Cartoteca do 25 ao 26
- Crear 1 praza de encargado de almacén (C2/18) para reclasificar o operario do grupo E
- Crear 1 praza de tradutor, por necesidade estrutural.
- Crear 1 praza de técnico de administración xeral (A1-25), para tarefas de administración xeral.
- Incrementar o nivel de CD do posto de técnico/a especialista en Composición e edición, do 20 ao 22, como xefatura de negociado de Promoción e difusión editorial.

CENTRO PRÍNCIPE FELIPE

- Crear 5 prazas de oficial de servizos xerais e subalternos (C2-16) sobre as de operario do grupo E
- Crear as prazas de técnicos especialistas (C1) en todas as unidades de lavandería, carpintaría, almacén, xardinería, albanelería, cafetería, costura e roupeiro...) pola responsabilidade que require o exercicio das súas funcións e o volume de traballo e coordinación sobre as prazas de oficiais do grupo C2,
- Crear 10 prazas de oficial de control e vixilancia (C1-20) para reclasificar dos oficiais C2-17
- Reclasificar unha de axudante de control e vixilancia do grupo E no grupo C2
- Asignar o factor dedicación ao posto de xefatura de cociña e comedor
- Modificar o nivel de complemento de destino de C2/17 a C2/18 a 4 cociñeiros/as para axustar o nivel as funcións que están a desenvolver e equiparación cós outros dous compañeiros
- Lavandería, cubrir de forma definitiva a praza vacante de oficial de LAVANDERÍA C2/17
- Condutores, crear 1 praza de condutor/a (C1-20) para a atención de todas as quendas e fins de semanas
- Almacén, cubrir as vacantes e crear 1 praza de oficial de almacén (C2-17) sobre 1 praza de axudante de almacén, ademais de ofertar a praza de Oficial de Almacén (C2-17) para promoción interna
- Servizos Administrativos: Hai tres prazas vacantes: Unha do Grupo E que se debe modificar a C2/17, Unha praza de administrativo/a C1/20, que se debe ofertar por promoción interna, e unha praza A1 de Administración Xeral que se debería cubrir por promoción interna para fomento da carreira profesional dentro dos técnico medios A2.
- Persoal Educativo, incrementar o factor perigosidade e penosidade no CD.
- Cubrir o posto de Director/a do Centro Agarimo, que leva case un ano sen resolverse.

SERVIZO DE INFRAESTRUTURAS E VÍAS PROVINCIAIS

- Crear unha xefatura de negociado sobre unha praza de administrativo/a do Parque de Maquinaria.
- Reclasificar os postos de encargado de almacén e encargado do taller en C1/21.



- Asignar ao persoal da brigadas un complemento que retribúa a permanencia de atención para emerxencias fóra do horario de dispoñibilidade, por importe de 250 euros para OFICIAIS e OPERARIOS e con 350 euros para CAPATACES e CONDUTORES.
- Aumentar o 30% en todos os conceptos que afectan as gardas localizadas fóra da xornada laboral ou ben en fin de semana.
- Crear 2 prazas de condutor maquinista que garantan a formación de dous equipos completos de atencións as estradas.
- Crear 2 prazas de Vixilante de Infraestruturas (C1-20) para a reclasificación por PIH 2 condutores-maquinistas que xa veñen realizando esas funcións.
- Asignar o factor dispoñibilidade aos coordinadores de brigadas e vixilantes de infraestruturas por importe equivalente ás horas
- Crear 1 praza de técnico medio de Admón. Xeral (A2-23) polo alto volume de traballo, carga administrativa, resolución de recursos, etc.
- Cambiar a denominación da praza de técnico de administración xeral (A1-25) pola de adxunto a xefatura (A1-27), debido as funcións que realiza por ausencia ou enfermidade da titular do servizo.

SERVIZO DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL

- Crear as seguintes prazas: 2 técnico medio de Admón. Xeral (A2-23), 1 técnico de formación (A2-23) e 2 auxiliar administrativo (C2-18).

SERVIZO DE IGUALDADE

- Cubrir definitivamente a vacante de administrativo C1/20 ocupada por persoal interino.

SERVIZO DE CULTURA

- Crear 1 praza de adxunto á xefatura do Servizo, que faga as funcións da xefatura na súa ausencia.
- Crear 1 xefatura de negociado (C1-22) sobre unha praza de administrativo/a (C1-20).
- Crear 1 praza de administrativo (C1-20) .

SERVIZO DE DEPORTES

- Crear 1 praza de administrativo (C1-20),.
- Crear 1 praza de auxiliar administrativo (C2-18).
- Crear 1 praza de oficial de instalacións deportivas (C2-17), para poder cubrir os fins de semana.
- Reclasificar 3 prazas de operarios das instalacións deportivas (E), en oficiais do grupo C2.

SERVIZO DE MEDIO AMBIENTE

- Cubrir de forma definitiva as prazas ocupadas provisionalmente na Finca Mouriscade e Castelo de Soutomaior
- Asignar o factor dedicación para o posto de Xefatura da sección de explotación Gandeira da FM
- Crear 1 praza de oficial de agrícola (C2-17) sobre 1 praza de axudante de agrícola (E- 14) da FM
- Crear 1 praza de oficial de agrícola (C2-17) sobre 1 praza de axudante de agrícola (E-14) no Castelo de Soutomaior,



- Crear 1 praza de oficial de servizos xerais e subalternos (C2-17) sobre 1 praza de axudante de servizos varios (E-14) da Finca do Castelao de Soutomaior,

SERVIZO DE TURISMO RÍAS BAIXAS

- Crear 2 prazas de técnico/a informador/a turístico (C1-20) para atender ao público e reforzar a información turística nas quendas de mañá e tarde
- Crear 1 praza de administrativo (C1-20) necesaria para a tramitación de expedientes,
- Crear 2 prazas de técnico/a medio/a de turismo (A2-23) e 2 prazas de técnico sociocultural (A2-23) con destino ao Castelo de Soutomaior

SERVIZO DE ARQUITECTURA

- Crear 2 prazas de oficial de servizos varios (C2-17) sobre 2 prazas de operarios de servizos (E-14),
- Crear as seguintes prazas de nivel técnico: 1 praza de arquitecto técnico (A2-23), 1 enxeñeiro técnico (A2-23), 1 enxeñeiro técnico industrial (A2-23)
- Asignación do factor dedicación ao persoal técnico debido a aumento de volume de traballo, informes técnicos, responsabilidade etc.

SERVIZO XUVENTUDE E RETO DEMOGRÁFICO

- Crear 1 praza de técnico de administración xeral (A1-25) debido á responsabilidade e a dificultade nas funcións a desempeñar.
- Asignar o factor dedicación ao posto de encargado de A Lanzada C1/21, polo súa dispoñibilidade as 24 horas e atención telefónica das continuas alarmas as que ten que atender entre elas unha nova alarma de bombeo de fecais, compren os requisitos para a asignación deste factor.

TESOURERÍA

- Incluír o singularizado a “xefatura de negociado Tesourería-Oral”, con esta denominación.
- Reclassificar a praza C2/18 en administrativo C1/20,
- Crear 1 praza de administrativo C1/20.

SERVIZO DE COOPERACIÓN

- Transformar a xefatura de Sección de Cooperación A1/26 no posto de traballo de adxunto á Xefatura de Servizo de Cooperación A1/27 por asumir as funcións de xefatura en caso de ausencia e necesidade
- Crear unha praza de técnico administración xeral A1/26 polo volume de traballo de carácter administrativo asumido por este servizo en canto a proxectos e plans previstos
- Transformar unha praza técnico de xestión A2/23 nun posto de xefatura de Sección de plans A2/25 por realizar funcións de coordinación e supervisión neste departamento.

SERVIZO COMUNICACIÓN

- Modificar os niveis de CD de 4 xefaturas de Sección que compoñen a organización do Servizo de comunicación Institucional, redactor Sección Prensa debe pasar de A1/25 a A1/26, Redactor



Sección Redes debe pasar de A1/25 a A1/26, xefatura de Negociado Comunicación debe pasar de A2/24 a A2/25, xefatura Negociado Deseño e Imaxe debe pasar de A2/24 a A2/25.

- Modificar o nivel de CD do posto de auxiliar maquetista C2/17 a C2/18.
- Crear 1 praza de Fotógrafo C1/20

MUSEO DE PONTEVEDRA

- Corrixir a descrición de 6 prazas de acordo co novo organigrama
- Crear 1 Conservador/a de Numismática A1 – 25, 1 Conservador/a – Restaurador/a de papel A2 – 23, e 1 Conservador/a – Restaurador/a de fondos arqueolóxicos A2 – 23
- Amortizar 1 Axudante/a de Educación A2 – 23, 1 Axudante/a de Arquivo e Biblioteca A2 – 23
- Crear 7 Axudante/a de Educación A2 – 23 e 9 Oficial de Servizos Xerais e Subalternos C2 – 17
- Funcionarizar os postos ocupados por persoal laboral fixo.
- Convocatoria de prazas vacantes na RPT do Museo
- Convocar a praza/posto de traballo de Coordinador/a de difusión e contidos divulgativos (A1-25),
- Revisión do factor de perigosidade e penosidade das seguintes prazas/postos de traballo: 1 Responsable de Carpintería (C2-18) e Oficial de Servizos Xerais e Mantemento (C2 – 17)

SERVIZO RECURSOS HUMANOS E FORMACIÓN

- Asignar o factor dedicación a posto de Xefatura de Sección de Formación.
- Crear o postos de xefaturas de Negociado C1/22 para o persoal administrativo C1/20 nas áreas de Recursos Humanos C1/22, Relacións laborais C1/22 e Formación C1/22.

SERVIZO ASISTENCIA INTERMUNICIPAL

- Asignar o factor dedicación ao posto de xefatura de Sección de Residuos A1/26

INTERVENCIÓN

- Crear 1 praza de administrativo administración Xeral C1/20 para reforzo da area de Fiscalización e asesoramento, e para promoción interna por reclasificación do C2.

ALEGACIÓN DE CIG

En canto ás alegacións presentadas pola CIG, comenta que reiteran no seu escrito a proposta de anos anteriores, e solicitan:

- Iniciar un proceso de nova valoración e catalogación dos postos de traballo da Deputación.
- Actualizar todos os conceptos salariais de todo o cadro de persoas.
- Revisar cada un dos conceptos retributivos do persoal, unha actualización acorde a cada posto de traballo e unha revalorización en consonancia coa perda de poder adquisitivo que se sofre dende fai anos, xa que non se poden aumentar as funcións e manter o mesmo salario.
- Insisten na necesidade dunha revisión das guías de funcións e actualización das mesmas.
- Fixar un cronograma e calendario de traballo para tratar estes temas e facer unha proposta que englobe a todo o cadro de persoal.



Así mesmo, sinalan que mentres non se poña enriba da mesa un estudo pormenorizado que culmine coa realización e aprobación dunha RPT, o voto desta organización sindical será negativo á proposta do grupo de goberno.

O deputado delegado, Jesús Vázquez, agradece as aportación realizadas polas seccións sindicais e manifesta que a continuación se van a comentar as melloras que realiza a Administración á proposta inicial.

A xefa do Servizo de RRHH e Formación, sinala que vistas as alegacións presentadas polas seccións sindicais, unha vez revisadas as necesidades dos distintos centros e servizos e tendo en conta as limitacións previstas na Lei de Presupostos Xerais do Estado, PROPONSE introducir os seguintes cambios no cadro de persoal e relacións de postos de traballo:

CREACIÓN DE PRAZAS. No cadro de persoal créanse as seguintes prazas:

- Unha praza de analista de laboratorio para o Servizo de Medio ambiente Finca Mouriscade, debido ao cambio de adscrición de dúas prazas por redistribución de efectivos
- Unha praza de enxeñeiro/a técnico/a industrial para Arquitectura e Urbanismo
- Unha praza de Arquitecto técnico para o Servizo de Arquitectura e Urbanismo
- Unha praza de tradutor para a Editorial de Patrimonio Documental e Bibliográfico

AMORTIZACIÓNS. Ditas creacións compénsanse coa supresión das seguintes prazas:

- Unha praza de arquitecto/a, do grupo A1, que quedou vacante dos procesos de estabilización de emprego temporal, adscrita ao Servizo de Arquitectura e Urbanismo.
- Unha praza de arquivista bibliotecario, con posto de técnico medio de arquivo e biblioteca vacante por xubilación da titular.

CAMBIOS DE ADSCRICIÓN

- Cambiase a adscrición dun posto de analista de laboratorio da Finca Mouriscade ao Polígono de Lalin para integrar a persoa no Servizo no que desenvolve a súa actividade, por motivos de saúde.

REVISIÓN DE NIVEIS DE COMPLEMENTO DE DESTINO

- Crease unha xefatura de Sección de proxectos no Servizo de Cooperación para a dirección, coordinación e supervisión de todos os proxectos do Servizo así como para substituír ao enxeñeiro xefe en caso de ausencia ou enfermidade
- Créase unha xefatura de Sección de Rexistro de Bens no Museo Provincial para así poder completar o deseño da nova estrutura organizativa
- Asígnase a xefatura de Sección de Publicacións ao posto de coordinador/a de publicacións do Museo Provincial, laboral fixo non funcionariado.
- Actualízanse as denominación dos postos do Museo con cargo, cambiando as referencias de responsable por xefatura de Sección ou Unidade segundo corresponda.



FUNCIONARIZACIÓN POR PROMOCIÓN INTERNA HORIZONTAL

Continuase co proceso de funcionarización do persoal laboral fixo da Deputación que realiza funcións reservadas a persoal funcionario e reúna os requisitos esixidos para acceder a través dunha promoción interna horizontal a prazas con tarefas substancialmente coincidentes. Así para o ano 2024 créanse no cadro de persoal funcionario as seguintes prazas, declarándose a extinguir os postos de persoal laboral fixo:

Nº	Praza de persoal funcionario	Posto de traballo laboral fixo	Gr	Nivel	Unid
4	AXUDANTE/A DE EDUCACION	AXUDANTE/A DE EDUCACION	A2	23	333
1	TÉCNICO/A DE MANTEMENTO	TÉCNICO/A DE MANTEMENTO	A2	23	333
2	TÉCNICO/A AUXILIAR BIBLIOTECA	TÉCNICO/A AUXILIAR BIBLIOTECA	C1	20	333
2	AUXILIAR ATENCIÓN AO PUBLICO	AUXILIAR ATENCIÓN AO PUBLICO	C2	18	333
2	AUXILIAR DE ADMÓN. XERAL	AUXILIAR DE XESTION TRIBUTARIA E INFORMACION	C2	18	934

11

BASES DE APLICACIÓN DE RETRIBUCIÓNS

- Na base segunda apartado C) relativa ao complemento de produtividade e con respecto aos *servizos prestados de forma ininterrompida dende o último contrato ou nomeamento en vigor*, elimínase a referencia ao último contrato ou nomeamento en vigor, sendo preciso que sexan ininterrompidos e se achegue informes favorables de todos os servizos nos que houberse traballado.
- Nas táboas de valoración dos subconceptos retributivos que integran o específico, introdúcese o cargo de xefatura de unidade como equivalente a xefatura de negociado
- As retribucións do persoal funcionario interino ou laboral temporal equipáranse a postos base do mesmo grupo de clasificación de persoal funcionario.

CREACIÓN DO GRUPO B

No próximo ano realizarase un estudo das prazas que procedería integrar neste grupo de clasificación e estarase a espera de que se produza o desenvolvemento normativo. De non aprobarse, analizarase a posibilidade de crear as prazas no próximo orzamento, coa mesma asignación de complemento de destino e específico que teñen actualmente.

DEREITOS DE EXAME NOS PROCESOS SELECTIVOS

Consultada en Intervención a posible exención dos dereitos de exame aos colectivos propostos, informase que as exencións se establecen en atención a parámetros de carácter económico, de menor capacidade económica, salvo que unha lei permita o contrario, polo que o desemprego podería considerarse como situación de menor capacidade económica e estar exenta do pago dos dereitos de exame, pero non os casos de discapacidade, familia monoparental, ou familia numerosa.

TAXAS POLA EXPEDICIÓN DE CERTIFICADOS

Nas bases dos procesos selectivos de promoción interna que convoque a Deputación o próximo ano, recollerase, para as persoas que desexen participar, a expedición de certificados de servizos prestados



sen taxa, por tratarse de información que xa obra en poder da Administración, debendo solicitalo para que se incorpore ao expediente.

SEGURO SANITARIO

Tal e como se informou en reunións anteriores remitiuse o prego de condicións técnicas ao Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio para a contratación dunha póliza de seguro colectivo. Como existían dúbidas sobre o procedemento a seguir, unha vez analizada a situación, Contratación organizou una reunión cun mediador de seguros para valorar a proposta, a que tamén asistiu persoal de RRHH e Inspección Médica. Nesa reunión acordouse solicitar ao mediador de seguros un estudo de mercado, sobre os prezos que ofrecen as distintas compañías á Deputación de Pontevedra coas coberturas e prestacións definidas inicialmente no prego de condicións técnicas. O mediador sinalou que precisaría polo menos 15 días para elaborar ese estudo. O procedemento a seguir consistiría na formalización dun convenio coa entidade aseguradora que ofrezca un menor prezo, sempre que cubra todas as prestacións. Urxe a tramitación, xa que as persoas que teñen seguro concertado de forma individual teñen que preavisar, no caso de cambio, cun mes de antelación, polo que vaise a intentar ter preparado o expediente neste mes de novembro.

REINTEGRO ANTICIPOS

As bases non contemplan o reintegro no permiso sen soldo, nin tampouco nos supostos de licencia por enfermidade dun mes, así como os casos de permiso de nacemento e coidado de menor (que engloba maternidade e paternidade) ou risco durante o embarazo. En ningún destes casos de interrupción temporal da relación de servizo está previsto o reintegro, nin se ven esixindo.

MOBILIDADES OU CAMBIOS DE ADSCRICIÓN

Estas situacións teñen carácter excepcional e derivan do elevado número de procesos selectivos que se desenvolveron nestes últimos anos, que ocasiona unha elevada rotación do persoal e prexudica o funcionamento dos servizos, ao ter que estar formando constantemente a novos empregados, polo que con estes cambios pretendese aproveitar o coñecemento e a experiencia adquirida por esas persoas noutros postos no mesmo Servizo. Uns casos son por mobilidade, por cambio de adscripción do posto de traballo e do titular, e outros por redistribución de efectivos de persoas que teñen o posto con carácter definitivo e por necesidades dos servizos. En todo caso, e de cara aos próximos anos procurarse que a provisión dos postos vacantes se efectúe mediante convocatoria pública e a través dos procedementos establecidos na RPT.

VALORACIÓN DO CE

As valoracións dos diferentes conceptos retributivos que integran o CE determinase nas Bases de aplicación de retribucións en función do grupo de clasificación e tipo de posto, asignándose por igual con independencia do Servizo no que se desenvolva a súa actividade. Foi o criterio que se marcou no seu momento para que non houbose diferenzas entre postos, utilizándose o factor dedicación como elemento diferenciador, que e determinados postos de traballo como as xefatura de Servizo, compensa a insuficiente valoración doutros conceptos como a EDT ou a RESP. As asignacións das



dedicacións efectúanse en consideración ao contido do posto, os traballos que se realizan fóra da xornada laboral ou a dispoñibilidade que require o seu desempeño.

CONTIDO DAS RPTS

Todos os anos se publica no BOPPO a RPT de persoal na que se determina a descrición do posto, dotación, CD, CE, tipo de posto, forma de provisión, adscrición, grupo de clasificación, código de posto, requisitos e observacións. Non obstante se intentará completar esta información para coñecemento dos posibles interesados. Non se introduce ningún cambio respecto aos anos anteriores, salvo o relativo a forma de provisión de 4 xefaturas de Servizo que se abren a persoal doutras AAPP.

REVISIÓN DAS GRATIFICACIÓNS

A revisión do importe das gratificacións por traballos fóra da xornada laboral, sábados, domingos, festivos, gardas ou nocturnidade quedará pendente á negociación dun novo AR e CC

OUTROS TEMAS

Aquelas outras alegacións relacionadas co teletraballo, a flexibilidade ou horario de traballo de presenza obrigatoria, non son materia que deba tratar nesta reunión do orzamento provincial.

CÓMPUTO EXCESO DE XORNADA

No pagamento das horas extras mantense o criterio de non computar os excesos de xornada inferiores a unha hora, sobre todo tendo en conta que coa flexibilidade automática ou por conciliación resulta complicado determinar se o exceso é ou non xornada.

O delegado sindical de CCOO, manifesta que o día xoves 19 de outubro se lles envía a documentación de proposta de orzamento por parte desta administración, convocándolles para o día seguinte, venres 20 de outubro en mesa xeral de negociación e como único punto da orde do día o cadro de persoal e RPT 2024.

Debido ó escaso tempo dispoñible (menos de 24 horas) e a gran cantidade de información non entraron a valorar ningún dos puntos expostos e explicados pola xefa de persoal.

Convócaselles para hoxe venres 27 de outubro e queren deixar constancia do seguinte:

Esta Sección Sindical, como ven facendo desde fai moitos anos fixo o seu traballo, reuniuse con todas as xefaturas de Servizo, co persoal e coñecen, como así se plasma na súa proposta, cales son as necesidades e melloras que se propoñen polas xefaturas.

As propostas de Recursos Humanos, de Secretaría e do Deputado Delegado, sobre a modificación do cadro de persoal non vai acorde ás solicitudes dos distintos servizos e máis ben parece unha visión política e parcial da Deputación, con melloras moi puntuais e algunhas moi controvertidas, difíciles de explicar que soamente provocan malestar no persoal e que para nada supoñen unha mellora na prestación dos servizos públicos e por ende na cidadanía.



Continúan as desigualdades, practicamente no se corrixe ningunha.

O ánimo negociador ten que quedar patente. As súas propostas teñen que terse en conta, se non, non ten sentido que formen parte desta comisión.

Esta Sección Sindical aproveitou as reunións e mesas anteriores para insistir, na súa quenda de palabra, que hai situacións de desigualdade que temos que empezar a corrir, sobre todo nas prazas que traballando man a man, coas mesmas funcións pertencen a grupos de clasificación diferentes e coa diferenza salarial correspondente.

O malestar do persoal, polo tanto, segue crescendo. Son un sindicato de clase e hai liñas vermellas que non poden traspasar.

A maioría das solicitudes non son capricho, hai servizos onde se solicitan creacións de prazas que non só están xustificadas, e que como non se reforce o servizo, hai serio perigo de non poder xustificar subvenciones de proxectos europeos, que pode supoñer a devolución de millóns de euros.

Polo tanto solicitan, que se volvan a estudar as propostas sindicais e convocar outra mesa xeral de negociación a semana que ven, onde se recollan melloras encamiñadas a evitar desigualdades e discriminacións, noutro caso, o cadro de persoal aprobarase co voto en contra da sección sindical de CCOO na Deputación de Pontevedra.

Queren insistir na importancia da negociación dunha nova RPT e catálogo de funcións para todo o persoal, onde se poña remedio ás desigualdades e discriminacións que se están sufrindo, o caso do grupo E, que levan tempo denunciando é sangrante. Co soldo máis modesto desta administración, e en moitos casos soportado no tempo.

Hai un caso dun operario que se lle chama nas súas vacacións para cubrir unha baixa dun compañeiro do grupo C₁, renuncia ás súas vacacións, fai funcións de dous grupos por encima e a administración non lle recoñece nada.

Neste caso, están todos os compañeiros/as do grupo E, traballando ó lado dos oficiais, e non hai ningunha diferenza de funcións pero si de salario.

Esixen que a igual traballo igual salario.

Están aquí para negociar, son coñecedores e entenden que tantas desigualdades non se poden corrir nun único período orzamentario. Por iso solicitan que se estude, se valoren estas propostas e asumamos compromisos de corrección destas situacións, que podería ser por tramos e/ou por colectivos. Hai catro anos por diante.

O gasto para corrir a situación das 44 prazas do grupo E desta administración é un grao de arena nunha praia.

Non poden admitir a creación da nova praza de xefatura do Servizo de Benestar Social como A_{2/25}, por infravaloración discriminatoria, co resto de xefaturas de servizo, que son todas A_{1/29}. Isto é unha liña vermella.



Estaríase incorrendo en fraude de lei, pola prohibición de discriminar postos iguais e homoxéneos e coa mesma responsabilidade.

Por outra banda tamén é perigoso, porque se abre unha porta que despois xa nunca se cerra, en canto quede vacante outra xefatura, xa se lle encarga a xefatura ó técnico medio do servizo.(Deportes)

Isto o consultarán xuridicamente e o levarán ó foro correspondente.

Queren comentar algunhas propostas que non implican aumento de gasto, e que simplemente se trata de vontade política.

- 1.- SEGURO SANITARIO PRIVADO COLECTIVO, axilizando o concurso público e definitiva contratación da póliza colectiva privada.
- 2.- FUNCIONARIZACIÓN, das prazas de laborais fixos que non puideron participar no anterior plan de funcionarización e así estaba pactado coa administración.
- 3.- TELETRABALLO, posta en marcha real en todos os postos que o solicitaron e cumpren os criterios.
- 4.- COBERTURA DEFINITIVA DO POSTO DE DIRECTOR DO CENTRO AGARIMO C.I.PRINCIPE FELIPE, que leva un ano sen resolverse.
- 5.- Persoal reciclado dentro do mesmo grupo de clasificación como condutor-maquinista do Parque de maquinaria, que levan máis de tres anos como vixilante de estradas de forma provisional.
- 6.-Paralizar a privatización da oficina de turismo (4 traballadores/as técnicos de turismo) encargada da xestión turística e visitas guiadas do Castelo de Soutomaior.

En canto ó punto 23 da proposta do deputado delegado de persoal, onde se recolle a forma de provisión aberta a outras administracións de 4 xefaturas, tres delas cubertas, solicitan que se elimine esta decisión.

A apertura desas prazas a outras administracións debe recollese por acordo e sempre dando prioridade ó persoal da mesma administración para non limitar ou cortar a carreira profesional.

En caso de elaborar un acordo teñen que garantirse os criterios de reciprocidade para que o persoal da Deputación poida optar a postos doutras administracións.

Solicitan que non se reduza de 50 a 40 a consignación mensual de horas extras autorizadas.

As funcións que desempeñan os traballadores/as ben por necesidades estruturais de cada unidade ou por necesidades de forza maior, redundan na mellora dos servizos da Deputación, que demanda dos seus empregados un desempeño especializado, técnico e eficiente das súas tarefas. Impedir que se desenvolvan no tempo necesario, repercutirá na calidade do servizo público.

Na proposta da administración recóllense varias reclasificacións, pero hai outras moitas, moi urxentes e que levan soportando moitos anos unha situación de provisionalidade que hai que resolver.

- 1.- Como veñen solicitando e con urxencia todo o persoal de grupo E.
- 2.- Oficiais que son responsables o encargados de áreas como:



- Taller e almacén do Parque de Maquinaria.
- Costura e roupeiro, lavandería, control e vixilancia, mantemento de CI Príncipe Felipe.
- Oficiais de servizos xerais do Museo.

A reclasificación do persoal auxiliar administrativo, para que pasen ó grupo superior que se levou a cabo en varios servizos, debe facerse extensivo ó resto da administración.

3.- Xefaturas de negociado, para recoñecemento ás persoas que levan moitos anos traballando nos seus servizos con funcións diferenciadas e asumindo responsabilidades.

4.- É necesario creacións de prazas do grupo A1 para promoción interna do persoal técnico.

A continuación pasa a explicar algunhas situacións específicas que lles parecen importantes que se fale delas para propoñer as medidas e solucións necesarias:

No **Servizo do Oral** fai falta a creación de prazas urxentes, xunto co plus de perigosidade ou de dispoñibilidade que solicitan porque as funcións diferenciadas hai que pagalas.

En **Secretaría xeral** e concretamente en **registro** hai unha situación moi precaria, a falta de persoal por baixas e prazas sen cobertura, fai que se dilaten os tempos de registro, un bo exemplo é o registro das súas alegacións, o mércores non chegaron a RRHH ata o día seguinte. Toda un ala da oficina de información e registro está sen persoal e agora mesmo están traballando 3 persoas, a isto se lle engade o horario de tarde, sen acceso a conciliación nin teletraballo pero no confinamento si se dou a opción interesadamente.

Todo isto crea un malestar e un estrés, que desde aquí solicitan que se poña remedio coas súas propostas.

No **Parque Mobil**, hai 4 condutores que son C2, deben reclasificar a C1 como os seus compañeiros. Este persoal leva moitos anos nesta situación e a súa implicación e horarios sen definición débense de recompensar.

Non hai diferenzas de funcións entre os ordenanzas (grupo E) e os oficiais de servizos xerais, como recollen nas súas propostas xa hai un posto ofertado, e débense de ofertar os que quedan.

Finca Areeiro: Na liña das peticións do servizo fai falta crear prazas para a zona de campo, son moitas hectáreas e poucos traballadores, como veñen insistindo, o persoal do grupo E non difire en funcións dos oficiais C2, polo tanto débense reclasificar, aquí existe unha praza de operario-condutor (grupo E), con funcións de categoría moi superior e que ademais manexa un dron para control de pragas que grazas ó seu apoio facilítanse as tarefas ó persoal técnico, estas funcións non son ni de C2, estamos falando de funcións de C1 que desempeña un grupo E.

En Administración fai falta un técnico. Un centro de 40 traballadores non se pode xestionar cun administrativo e dous auxiliares.

CI Príncipe Felipe:



Control e vixilancia, este colectivo debido á organización e proxecto educativo da actual dirección, viu como se ían aumentando as súas funcións ás xa recollidas no catálogo. Son persoal C2, incluído o responsable, en agravio comparativo cos seus compañeiros do Pazo que son C1.

Son unha plantilla reducida que cobren quendas de mañá, tarde e noite e que a maior parte do tempo a quenda a cubre un só traballador, polo que non pode abandonar a garita, onde é o encargado de abrir e cerrar a barreira, controlar cámaras, teléfono, software alarmas e todo tipo de emerxencias incluído o helicóptero de Montecelo e o 112.

Ningunha destas funcións ven no catálogo de postos e hai que engadir que durante as fins de semana e noites, tamén se lles cargou coas funcións de xestión das emerxencias, que poden xurdir en Príncipe Felipe. Calquera que coñeza as instalacións tan antigas, sabe que as incidencias son numerosas.

Solicitan que este colectivo polo número e dificultade das súas funcións sexa reclasificado ó grupo superior C1, como o están os seus compañeiros/as do Pazo.

As prazas **de almacén** débense cubrir por promoción interna entre o persoal da Deputación.

Parque de maquinaria:

É urxente que se cubran as prazas das brigadas de mantemento, coas inclemencias dos temporais destes días, as gardas nocturnas e de fin de semana fai que o persoal actual no teña descanso, enlazando traballos nocturnos coa xornada ordinaria.

Opóñense taxantemente á privatización das brigadas.

Fai uns anos tomouse a decisión de privatizar parte das Brigadas de mantemento, o cal fixo que se foran amortizando ano tras ano moitas prazas de oficiais de mantemento.

A privatización non soamente lle sae máis cara á administración, que ten que pagar o 30% de beneficio de empresa, senón que reduce a boa prestación do Servizo, que garante a xestión pública e non os intereses empresariais.

Para o Parque de Maquinaria hai que explicar que o colectivo de condutores-maquinistas que aparecen na RPT non é real, pois coa organización do equipo de goberno anterior, recicláronse en vixilantes de estradas e obras, pero algún segue constando ó non formalizarse o proceso.

Solicitan que se formalice e se adscriba a cada traballador segundo o seu destino e se creen prazas de condutor-maquinista para darlle sentido ó novo Parque de maquinaria de Barro-Meis, e poder formar dous equipos de traballo.

Creación de 5 prazas de condutores-maquinistas para ter un cadro de 10 traballadores formalizados en dous equipos de traballo que dean cobertura á rede de estradas provinciais.

Por último teñen que felicitar a este equipo de Goberno, porque non todo é malo, hai algún detalle bonito que son os seguintes:

O recoñecemento a unha traxectoria de moitísimos anos de dúas traballadoras de Secretaría Xeral.

Unha reivindicación desta Sección, da praza del deseñador gráfico de NNNT.



A solución do grave problema da cociña de Príncipe Felipe, outra proposta desta Sección Sindical que se leva a cabo e que corrixe unha desigualdade.

Por último, para finalizar, solicitan o estudio e revisión das súas propostas e unha nova mesa xeral de negociación, para que se teñan en conta algunhas das desigualdades aquí denunciadas.

O deputado delegado, Jesús Vázquez, comenta que se o voto é negativo non vale a pena modificar a proposta inicial da Administración. Fai constar que levan escasos tres meses e fixeron unha análise inicial e un esforzo co bo equipo da Deputación e de RRHH para ver as cuestións que se podían mellorar. Sinala que teñen un ano por diante para analizar a situación con máis profundidade.

A delegada sindical de CCOO, pide que haxa un compromiso polo equipo de goberno de reclasificar o grupo E.

O deputado delegado, Jesús Vázquez, manifesta que evidentemente o van a ver. Sinala que se abren a ese tema e a calquera outro que teña posibilidade de mellora.

A delegada sindical de CCOO, salienta a discriminación existente coa praza do grupo A2 do Servizo de Benestar Social.

O delegado sindical de CCOO, explica que están falando de persoas, situacións complicadas e familias. Os traballadores esíxenlle e a súa sección sindical tómao moi en serio. Pide que a Administración volva a valorar as propostas e reunirse a próxima semana.

A delegada sindical de CCOO, advirte dun erro nas prazas do Museo C2-16, cando deberían ser C2-17.

A xefa do Servizo de RRHH e Formación, aclara que se corraxirá.

A delegada sindical de UGT, propón crear grupos de traballo para afrontar ámbitos de actuación concretos. Manifesta que a proposta que fixeron é para poñer en antecedentes ó equipo de goberno co fin de abordalas nos próximos anos. A pesar de que son conscientes que é difícil co pouco tempo que tiveron, sábelle a pouco a proposta da Administración.

Sinala que os maiores problemas parten das disfuncións da RPT. Salienta as diferenzas retributivas dos postos que fan a mesma función, o que provoca situacións de desigualdade, enfado e inxustiza. Cren que as bases de aplicación están desfasadas e hai que revisalas. Pide que se lle envíe por email un resumo das prazas de funcionarización, dado que teñen que revisalo. Así mesmo, propoñen:

- A elaboración dun novo cadro de persoal.
- A creación e desenvolvemento do grupo B.
- A implantación e regulación de procedementos de mobilidade para o persoal. Sobre este asunto cren que a mobilidade ten que ser excepcional. Manifesta que aquí móvense os postos sen dar explicación e a utilización abusiva deste procedemento conculca dereitos doutros traballadores, dado que se priva a carreira profesional, entre outras, polo que non están de acordo.



Pide compromiso do equipo de goberno para traballar nesta liña.

O delegado sindical da CIG, manifesta que a súa sección sindical mantén o criterio. Desde sempre a CIG solicitou un estudo do cadro de persoal e saben que hai unhas cantidades de diñeiro reservadas para iso. Solicitan falar de todo o cadro de persoal. Consideran que a postura máis coherente sería facer un calendario ou cronograma para explicarlle ós traballadores cando lle toca a eles. Leva 40 anos nesta Administración e sempre se fixeron modificacións puntuais da RPT. Non lles parece xusto que a uns colectivos se lles apliquen melloras salariais e a outros non. Manifesta que manteñen o seu voto negativo, dado que entenden que os cambios son necesarios para todo o cadro de persoal. Non comparten a proposta do grupo de goberno no que a un compañeiro se lle dá máis carga de traballo manténdoo no mesmo nivel.

Salienta a necesidade dun cronograma e calendario e usar o diñeiro existente para o estudo do cadro de persoal, sen máis remendos.

O delegado sindical de CCOO, vota en contra da proposta da Administración.

A delegada sindical de UGT, vota a favor da proposta da Administración pero á súa sección sindical parécelle insuficiente e queren un compromiso do grupo de goberno de abordar as cuestións formuladas.

O deputado delegado, Jesús Vázquez, manifesta o seu claro compromiso.

Finalmente, non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión, sendo as dez horas e vinte minutos, do que como secretaria dou fe.



ACTA DA MESA XERAL DE NEGOCIACIÓN CELEBRADA O DÍA 14 DE DECEMBRO DE 2023

Na Sala de Comisións do Pazo Provincial, sendo as dez horas e quince minutos do día catorce de decembro do ano dous mil vinte e tres, réunese a Mesa Xeral de Negociación, estando presentes nesta sala os seguintes:

- Jesús Vázquez Almuíña, deputado provincial das áreas de Asistencia aos Concellos, Transparencia e Administración Xeral
- Alejandro Lorenzo Alonso, deputado delegado das áreas de Xestión Tributaria, Patrimonio e Formación
- María Ramallo Vázquez, deputada delegada de Fondos Europeos, Innovación e Axenda Dixital
- Montserrat Otero Oitavén, coordinadora de Réxime Interno
- M^a Jesús Torres Peón, xefa do Servizo de RRHH e Formación
- Sindicato CCOO: Roberto Crespo Barreiro, Juan Carlos de la Vega Castiñeiras, Leticia Lozano García, Alicia Lago Álvarez, Jean Pierre Esteban Borragán, Ángela Comesaña Martínez, Basilia Martínez Bernárdez, Iria Fernández Delgado, Miguel Pampín Cagide e José Luis Fernández Costas
- Sindicato UGT: Patricia García Martínez, Natalia Fraguas Fernández, Ana Couto Cerviño, Manuel Leiro Oubiña e Ana Neves Gómez
- Sindicato CIG: Adrián Blanco Cortegoso e Otilia Castro Castro
- Sindicato CSIF: Remedios Pérez González

O deputado delegado, Jesús Vázquez, saúda ós asistentes e dá paso ó único punto da orde do día, propoñéndolle á xefa do Servizo de RRHH e Formación que explique un resumo das alegacións realizadas polas seccións sindicais.

1º.- Alegacións ó cadro de persoal e relación de postos de traballo incluídas no orzamento provincial do ano 2024.

A xefa do Servizo de RRHH e Formación, informa que dentro do prazo establecido para formular reclamacións á relación de postos de traballo presentaron alegacións: un funcionario do Centro Príncipe Felipe, que non está de acordo coa modificación do contido do seu posto de traballo ao atribuírlle máis funcións e responsabilidades, e as seccións sindicais de UGT e CCOO, nas que reproducen en gran parte as formuladas na anterior Mesa de Negociación.

En consecuencia unha vez valoradas, en base a razóns de carácter organizativo e de mellora do funcionamento dos Servizos, consultadas, a súa vez, as vicepresidencias e deputados/as de área, propóñense as seguintes modificacións na aprobación definitiva do orzamento provincial:

1. A creación de dúas prazas do subgrupo A₁, inicialmente denominadas técnico/a de financeiro tributario, por tomar como referencia o tipo de praza de similares características da Deputación da Coruña, e que agora se cambia pola de técnico superior en xestión tributaria, que se considera máis acorde, tras analizar os diferentes tipos de prazas do subgrupo A₁ da Deputación con destino no Oral. Estas creacións teñen por obxecto impulsar a promoción interna do persoal do subgrupo



inferior e dotar ós Servizos de persoal técnico de nivel superior, polo que levarase a cabo sobre dúas prazas de técnico medio do subgrupo A2, as cales se declaran a extinguir unha vez rematado o correspondente proceso selectivo, para así non duplicar a consignación orzamentaria.

2. A creación dunha praza do subgrupo C1, de administrativo/a de admón. xeral, con posto de traballo de igual denominación, adscrito ao Museo Provincial, co obxecto de facilitar a promoción interna do persoal do subgrupo inferior. Esta creación levarase a cabo sobre unha praza de auxiliar do subgrupo C2, a cal se declara a extinguir unha vez rematado o correspondente proceso selectivo, para así non duplicar a consignación orzamentaria.
3. A creación dunha praza de técnico/a de turismo, do subgrupo C1, con posto de traballo de igual denominación adscrito ao Servizo de Turismo, para dar maior estabilidade ó servizo de atención ao público e información turística.
4. A creación dunha praza de técnico/a de calidade, do subgrupo C1, con posto de traballo de igual denominación adscrito á Estación Fitopatolóxica de Areeiro, para que se encargue dos certificados de calidade actuais AENOR e IQnET así como do ENAC esixido pola UE para o diagnóstico de determinados patóxenos.
5. A creación dunha praza de analista de laboratorio, do subgrupo C1, con posto de traballo de igual denominación adscrito ao Servizo de Medio ambiente, Finca Mouriscade, dado o volume de traballo existente no laboratorio e aos cambios de adscrición de dous postos deste centro por redistribución de efectivos
6. A amortización dun posto de traballo laboral fixo de administrativo/a do Museo Provincial por defunción do titular e para compensar as anteriores creacións.
7. A amortización dunha praza de administrativo/a de admón. xeral, con posto de traballo de administrativo adscrito ao Servizo de Medio ambiente, vacante pola xubilación da titular.
8. A amortización dunha praza de enxeñeiro/a técnico/a agrónomo/a, do subgrupo A2, con posto de traballo de xefatura de Sección loita biolóxica A2-25 adscrito a Estación Fitopatolóxica Areeiro, vacante por promoción da titular.
9. A revisión do complemento de destino de cinco postos de traballo de oficial/a de servizos xerais e subalternos do Museo Provincial, que pasan do nivel 16 ao 17, por equiparación a postos do mesmo subgrupo de clasificación e funcións.
10. A asignación do factor perigosidade ao posto de traballo de oficial/a de servizos xerais e de mantemento de nivel 17, do Museo Provincial, por equiparación a postos de traballo de similares características do mesmo centro de traballo e que están expostos a idénticos riscos.



11. O cambio de adscrición dun posto de traballo de administrativo/a do Servizo de Infraestruturas ao Servizo de Cooperación Polígono de Barro Meis, por mobilidade do posto de traballo e da persoa titular.
12. O cambio de adscrición dun posto de traballo de auxiliar administrativo/a, que queda vacante no Servizo de Cooperación, ao Servizo de Infraestruturas, por mobilidade e intercambio de postos de traballo.
13. O cambio de adscrición do posto de traballo de auxiliar administrativo/a, ocupado pola funcionaria (IAD), do Servizo Oral ao Servizo de Turismo, por redistribución de efectivos e tendo en conta o nivel de coñecementos e formación en idiomas da persoa titular.
14. O cambio de adscrición dun posto de traballo de auxiliar administrativo, que se atopa vacante, de Secretaría Xeral ao Servizo de Igualdade, por necesidades do Servizo. Con isto preténdese evitar a mobilidade doutra praza de auxiliar de tesourería, ocupada por unha funcionaria que leva anos prestando servizos nesta área e que tería que trasladarse ao Servizo de Igualdade.
15. O cambio de denominación dos seguintes postos de traballo do Museo Provincial, por unificación das nomenclaturas:

POSTO DE TRABALLO 2023	POSTO DE TRABALLO 2024
AXUDANTE/A ARQUIVO DOCUMENTAL	TÉCNICO/A MEDIO/A ARQUIVO DOCUMENTAL
AXUDANTE/A CONSERVACION ARQUIVO GRAFICO	TÉCNICO/A MEDIO/A CONSERVACIÓN ARQUIVO GRAFICO

16. O cambio de denominación do posto de auxiliar de xestión tributaria e información integrado no Centro Príncipe Felipe, polo de auxiliar de información e xestión, para adecualo a súas funcións.
17. Deixar sen efecto a transformación do posto de traballo de xefatura da unidade de Cociña nun posto de xefatura de Unidade de Cociña e Comedor, por estar disconforme o titular coa alteración do contido do posto que ocupa, sen efectuar unha valoración previa do novo posto en base á asignación de funcións, responsabilidades e persoal actualmente integrado noutra Unidade.

O delegado sindical de CCOO, manifesta que están agradecidos coa celebración desta reunión e pregunta se a praza de Mouriscade é de auxiliar.

A xefa do Servizo de RRHH e Formación, aclara que é de analista de laboratorio.

O delegado sindical de CCOO, explica que esta sección sindical durante as mesas de negociación do orzamento 2024 xa puxo de manifesto que as propostas presentadas polo equipo de goberno non eran suficientes, tendo en conta as necesidades dos servizos e carga de traballo que se ven soportando, e tan só presentan cambios ou melloras moi puntuais, algunhas que provocan o malestar do persoal, e que para nada supoñen unha mellora para a prestación dos servizos.



Sinala que unha das principais reclamacións dos últimos anos dos representantes de CCOO é acabar coas desigualdades e discriminacións que se dan nun elevado número de prazas e postos, sobre todo nos grupos máis baixos e que polo tanto con soldos máis modestos, nos que o persoal traballador encadrado en distintos grupos realiza as mesmas funcións, pero son retribuídos de xeito distinto.

Unha RPT modificada un milleiro de veces, desfasada desde fai moitos anos, unha guía de funcións obsoleta á que non se ten acceso. A creación de prazas novas das que non se coñecen as súas guías de funcións, múltiples cambios de adscrición entre servizos, etc... que fan que a RPT actual non reflecta a realidade dos organigramas dos centros e que repercute en que cada traballador/a non recibe o seu salario en función do servizo que presta: a igual traballo, igual salario.

Fai constar que por parte da súa sección sindical realizáronse múltiples propostas para o orzamento do 2024, unhas referidas a aspectos xerais e outras máis específicas para cada servizo da Deputación, das que tan só se tomou en consideración unha mínima parte, que non fai xustiza ás necesidades do persoal. En canto a estas últimas modificacións comentan o seguinte:

1.- Parécelles o camiño correcto, como non pode ser de outra forma porque as solicitaron nas súas propostas a creación destas 5 prazas, 3 para a promoción interna do persoal de esta casa, no ORAL e no Museo, e as outras dúas para cubrir necesidades estruturais e moi necesarias en Turismo ou o caso de Areeiro, unha solicitude de anos de esta Sección sindical e que leva cuberta de forma inestable máis de dez anos.

2.- No punto 8, onde se recolle a equiparación do nivel de destino dos oficiais de servizos xerais do Museo, solicitada pola súa Sección Sindical dende o inicio das negociacións do orzamento, recordan que ó lado deste colectivo traballan operarios do Grupo E realizando as mesmas funcións e sufrindo a discriminación retributiva e de categoría.

Como xa recalcaron nas anteriores mesas, de carácter xeral para todo o grupo E e tamén de maneira específica para este colectivo, esta discriminación vense perpetuada no tempo, nalgúns casos durante máis de 15 anos.

Propuxeron a reclasificación por promoción interna a extinguir e cobertura provisional da parte salarial polo complemento de produtividade.

Recalcan que os argumentos formulados nas promocións internas nesta proposta da Administración son os mesmos que dende CCOO levan trasladando durante anos: os traballadores realizan a miúdo e de maneira estrutural funcións non remuneradas nin recoñecidas de categoría superior. Realidade que a Administración coñece de sobra, polo que dende esta Sección Sindical insistimos en recordar a inxustiza desta realidade.

3.- No punto 9, onde se actualiza o factor de perigosidade no posto de oficial/a de servizos xerais e de mantemento do Museo Provincial estase a deixar atrás o posto de responsable de carpintería,



quedando fóra do orzamento a equiparación deste traballador, a diferenza e de 190€/ano e entenden que é unha cuestión asumible.

Consideran que o resto de modificacións unha vez falado cos traballadores/as e aclaradas as diferentes situacións está todo correcto.

Como conclusión manifestan o seguinte:

Todas estas modificacións son importantes e corríxen situacións inxustas pero pregúntase que lle van dicir ó resto de compañeiros e compañeiras que estando en situacións similares non veñen recollidas nin se lle propón solución.

A única opción para este sindicato, e seguirán insistindo, é a negociación dunha RPT completa, deixarse de parches ano tras ano que só fan aumentar o malestar.

Volven a tender unha ponte, solicitan que asuman o compromiso da negociación global do cadro de persoal, para evitar que moitas de estas situacións terminen enquistándose.

A promoción de colectivos como o Grupo E, os auxiliares administrativos ou oficiais e responsables do grupo superior, os administrativos pagados como técnicos low cost, etc.. son propostas asumibles en varias fases, e en todos os casos están falando de compañeiros/as con moitos anos de servizo e nunca recoñecidos.

Solicitan a revisión do concepto de perigosidade, no ORAL para todo o persoal e en concreto para os tres axentes catastrais, que conducen e ademais se enfrontan a diario con situacións de risco, estes factores levan anos sen revisión, o mesmo que o persoal educativo de Príncipe Felipe, sen valorar, ou o persoal de control e vixilancia, cada vez asumindo máis funcións pero non se actualizan as contías.

En canto a Mouriscade, sinalan que rexistraron un escrito onde se recollen as necesidades de persoal tanto no laboratorio como na explotación gandeira, neste orzamento adscribísense dous analistas a outros servizos e soamente se creou unha, polo tanto están contentísimos que se tivera en conta a súa solicitude da creación desta segunda praza de analista porque coñecen as necesidades e a carga de traballo que se soporta nos laboratorios e que como recolle o seu escrito, a calidade do traballo que se leva a cabo premiase a miúdo.

A pesar de coincidir en moitas propostas e alegacións, non están de acordo coa aprobación definitiva do cadro de persoal, porque as modificacións son insuficientes.

Manifestan que desde CCOO sempre esgotaron a vía do acordo, polo que volven a solicitar a este equipo de goberno que inicie os trámites do expediente para a contratación e negociación dunha nova RPT e catálogo de postos, para unha actualización completa de todo o cadro de persoal.



A delegada sindical de CCOO, comenta a discriminación existente no Museo co persoal subalterno do grupo E, que realiza as mesmas funcións que os oficiais do grupo C2. Advirte que como non se lles paga polas funcións que realizan van deixar de facelas. As diferencias retributivas son de 1.600 € brutos ó ano, polo que van pedir un complemento de produtividade. Salienta que non teñen que realizar traballos polos que non se lles paga e pon en coñecemento que co falecemento dun dos traballadores está asumindo esas funcións o persoal do grupo E.

A xefa do Servizo de RRHH e Formación, aclara que os postos do Museo sempre estiveron así configurados coas funcións que veñen desenvolvendo e sempre se fixeron esas tarefas.

O deputado delegado, Jesús Vázquez, manifesta que as situacións a corrixir van a tratar modificalas pouco a pouco, ano a ano. Comenta que teñen que ir priorizando as situacións nas que hai desequilibrio no cadro de persoal e hai que ver sempre non só o que queda senón o que se avanza.

O delegado sindical de CCOO, pregunta se nesta nova relación desapareceu a xefatura de unidade de educación.

A xefa do Servizo de RRHH e Formación, aclara que teñen que comprobalo.

A delegada sindical de UGT, manifesta que acollen de bo grao parte das propostas que se ofrecen e en especial as referentes a Mouriscade, dado que era importante. Tamén comenta que lles chama a atención o intercambio de prazas entre Infraestruturas e Cooperación.

A xefa do Servizo de RRHH e Formación, aclara que deriva da resolución dun proceso selectivo no que aprobou unha funcionaria que traballa no polígono de Barro-Meis, que depende de Cooperación, a cal xa coñece o funcionamento do servizo.

A delegada sindical de UGT, tampouco entende o cambio de prazas do Oral a Turismo.

A xefa do servizo de RRHH e Formación, sinala que a persoa que aprobou no ORAL non ten coñecemento dos expedientes que se tramitan nese Servizo, sen embargo, ao contar con coñecemento de idiomas, encaixaría perfectamente no Servizo de Turismo, no que tamén existen necesidades de persoal.

A delegada sindical de UGT, pregunta como se vai compensar esa perda no ORAL.

A xefa do Servizo de RRHH e Formación, informa xa se falou con Servizo e neste orzamento non está previsto compensalo, non obstante, están valorando a posibilidade de elaborar un programa de carácter temporal para o nomeamento de persoal.

A delegada sindical de UGT, pide que se regule un procedemento para a mobilidade do persoal. Sinala que á súa sección sindical non lle preocupan as situacións puntuais, pero non poden apoiar que



cada ano se movan 25 postos, cando hai traballadores ós que non se lle dá a opción de mobilidade. Pide regular esta situación para abordala dunha maneira técnica. Así mesmo, solicitan igualar o grupo E ó grupo C2 e queren un compromiso para establecer un criterio no tempo e que a xente poida saber a que a aterse. Sinala que son varios os colectivos nesta situación, como os subalternos, condutores, oficiais de control e vixilancia, etc.

O delegado sindical da CIG, felicita a CCOO e a UGT por adherirse ás propostas da CIG de fai anos. Manifesta que non están de acordo coa proposta do grupo de goberno, pois debe falarse de todo o cadro de persoal e non poñer parches.

Comenta a situación de tres axentes catastrais ós que non se lle contempla o factor de perigosidade.

Recorda que hai unha partida orzamentaria destinada ó estudo do cadro de persoal e pide que se asuma o compromiso do estudo da RPT e de facer un cronograma. Fai constar que sempre pediu para o conxunto do cadro de persoal e non para seu colectivo. Así pois, e dado que se están poñendo parches constantemente, o voto da CIG é negativo á proposta da Administración.

Comenta que hai asuntos de conciliación, reclamacións salariais de traballadores, etc, que se van acabar reclamando no xulgado. Así mesmo expón que no Centro Príncipe Felipe quedaron sen director xerente, decisión que aplauden, pero piden tamén o cambio da dirección de xestión. A CIG solicita unha reunión para modificar o ROFI para que as direccións do centros non sexan vitalicias e teñan unha caducidade.

Pon de manifesto que o 31 de decembro cesan varios traballadores, persoal educativo, polo que o 1 de xaneiro hai que ter contratado persoal. Explica que nesta mesa se dixo que era voluntario cubrir as baixas, e el foi o que lle trasladou ós compañeiros.

Sinala que seguen sen as bases para as adscricións provisionais.

Finalmente pregunta se os dous días de asuntos propios que corresponden a maiores por coincidir o 24 e 31 de decembro en domingo están incorporados no portal do empregado.

A xefa do servizo de RRHH e Formación, aclara que si.

A delegada sindical de CSIF, manifesta que faltan moitos procedementos como son o desenvolvemento do grado, criterios de adscricións e revisar as funcións de todos os postos, dado que se crean agravios comparativos cos compañeiros. Desta maneira traballaríase máis contento e seriase máis produtivo.

A delegada sindical de CCOO, pide coñecer o reparto do complemento de produtividade por servizo.



O delegado sindical de CCOO, solicita convocar unha mesa o antes posible para tratar os criterios de adscricións provisionais.

O deputado delegado, Jesús Vázquez, comenta que ó pasar as festas de nadal o verán.

A delegada sindical de UGT, comenta que viron na sede electrónica que nos dous últimos meses se desenvolveron 17 procesos de selección a través do Servizo Público de Emprego porque non hai bolsas, algo que lles preocupa, dado que este procedemento debería ser excepcional para situacións concretas.

A xefa do Servizo de RRHH e Formación, aclara que isto se fai así desde fai anos, soamente que antes non se publicaba.

A delegada sindical de UGT, fai constar que lles chama a atención que para contratar a persoal administrativo do ORAL se recorra ó Servizo Público de Emprego cando en 15 días a bolsa terá candidatos.

A xefa do Servizo de RRHH e Formación, explica que iso depende da data da proposta na que se solicita a cobertura do persoal. Actualmente hai 59 bolsas e gustaríalles que os servizos solicitaran perfís nos que xa hai bolsas creadas pero piden perfís concretos.

A delegada sindical de UGT, cre que tirar deste sistema vai a desvirtuar as bolsas. Por outro lado, pregunta pola previsión para autorizar o teletraballo.

A xefa do Servizo de RRHH e Formación, informa que será despois de reis.

A delegada sindical de CSIF, considera que para desenvolver o teletraballo hai que comezar polo principio, sendo preciso definir as funcións dos postos.

Finalmente, non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión, sendo as once horas e vinte minutos, do que como secretaria dou fe.

